



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CORUÑA, A

##### Persoal

*Anuncio publicación da convocatoria do procedemento extraordinario de acceso ao sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Coruña*

##### ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 09 de xuño de 2026, adoptou a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Aprobar a cuarta convocatoria do procedemento extraordinario de acceso ao sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Coruña de conformidade co acordo e a súa modificación aprobados pola Xunta de Goberno Local nas sesións do 12/04/2023 e 20/05/2026 (BOP núm. 73 do 18/04/2023 e núm. 99 do 28/05/2026), nos termos establecidos no Anexo a este informe.

**Segundo.-** Publicar esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no xestor de contidos SPO-ALFRESCO para xeral coñecemento e efectividade.

**Terceiro.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 11 de xuño de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

## CUARTA CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO PARA ACCEDER AOS DISTINTOS GRAOS DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECEMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA DO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA

### 1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é o acceso con carácter extraordinario aos graos inicial, I, II, III e IV do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal do Concello da Coruña, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 12/04/2023 (BOP núm. 73 do 18/04/2023) e modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 20/05/2026 (BOP núm. 99 do 28/05/2026).

Esta convocatoria do recoñecemento de grao mediante o procedemento extraordinario ten por finalidade adiantar os tempos de acceso aos graos de carreira para o persoal con maior antigüidade na Administración, de xeito que se vexan recoñecidos os seus servizos anteriores e non reciba o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso á hora de acceder á carreira, que se encadrarán no sistema ordinario.

### 2. ÁMBITO SUBXECTIVO

2.1 Poderán acceder ao procedemento extraordinario de recoñecemento de grao do sistema transitorio da progresión na carreira administrativa, de conformidade co establecido na base 7 do acordo, o persoal que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar incluído no ámbito de aplicación definido na base 2 do acordo para a implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do Concello da Coruña aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 12/04/2023 (BOP núm. 73 do 18/04/2023).
- b) Estar en situación de servizo activo no Concello da Coruña ou servizos especiais desempeñando un posto de traballo ou cargo no Concello da Coruña, ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza no prazo de presentación de solicitudes.
- c) Ter a condición de persoal funcionario ou laboral deste Concello a 31/12/2025.
- d) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao no prazo e segundo o procedemento electrónico establecido nesta convocatoria.
- e) Obter unha avaliación favorable cunha puntuación mínima de 4 puntos segundo o baremo establecido na base 4.4 apartados a), b), c), d), e), f) e g) do acordo do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal do Concello da Coruña
- f) Cumprir os seguintes requisitos de permanencia desde a toma de posesión no Concello da Coruña na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional no que se solicita o recoñecemento de grao:
  - Para o acceso ao grao inicial e grao I: 5 anos de antigüidade a 31/12/2025.
  - Para o acceso ao grao II: 10 anos de antigüidade a 31/12/2025.
  - Para o acceso ao grao III: 15 anos de antigüidade a 31/12/2025.
  - Para o acceso ao grao IV: 20 anos de antigüidade a 31/12/2025.

Para os efectos de completar o período de permanencia en cada grao, computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional.

O desempeño de postos de traballo con xornadas de traballo inferiores á ordinaria, non afectará ao cómputo do tempo de servizos prestados, sen prexuízo da redución do complemento que lles corresponda na porcentaxe de redución de xornada.

2.2 No suposto de que se cumpran os requisitos para o recoñecemento de graos retribuídos en distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos solicitados e recoñecidos, ata o límite de catro graos, que serán os de maior contía.

2.3 No caso de que o persoal funcionario acceda a un grupo ou subgrupo de clasificación profesional superior, terá de dereito a seguir percibindo os graos anteriormente recoñecidos, co límite máximo de catro graos, e o período de permanencia non computado para o recoñecemento do grao anterior (período sobranter) computarase para os efectos de acceso ao grao seguinte que corresponda. Este cambio non afectará ao grao de carreira xa recoñecido.

2.4 Cando o persoal acceda a un grupo ou subgrupo diferente, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente ao grao ou graos recoñecidos nos grupos ou subgrupos anteriores e comezará a progresión na carreira administrativa no novo grupo ou subgrupo, téndose por recoñecido o grao inicial (que non leva retribución) no novo grupo ou subgrupo.

### 3. PROCEDEMENTO

3.1 O persoal incluído no ámbito subxectivo poderá acceder ao formulario de solicitude a través da sede electrónica do Concello da Coruña a través do procedemento “Solicitude de recoñecemento de grao dentro do sistema transitorio da carreira administrativa” ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón <http://sede.coruna.gal>. Esta solicitude deberá ser cumprimentada con exactitude en todos os seus campos e será asinada e presentada por medios electrónicos.

Se algunha persoa non dispón dos medios electrónicos necesarios para a presentación da solicitude desta forma, a súa solicitude poderá ser validamente realizada mediante rexistro electrónico por persoal funcionario das oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña situadas no Pazo de María Pita, Fórum Metropolitano e no Centro Sociocultural Ágora.

Non se admitirá ningunha solicitude presentada mediante outro procedemento.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP

3.2 En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña.

As persoas interesadas unicamente deberán achegar coa solicitude aquela documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o recoñecemento de grao que non conste no seu expediente persoal no Servizo de Recursos Humanos do Concello.

3.3 O Servizo de Recursos Humanos comprobará cos datos que consten nos expedientes persoais do persoal e, no seu caso, coa documentación achegada xunto coa solicitude, se as persoas solicitantes cumpren os requisitos establecidos para o acceso ao recoñecemento dalgún grao de progresión na carreira administrativa.

Se a persoa solicitante cumpre os requisitos esixidos para o recoñecemento dalgún grao de progresión na carreira administrativa estimarase a súa solicitude. No caso de que non cumpra os requisitos desestimarase a súa solicitude.

Só se recoñecerán os graos de carreira a aquelas persoas que o soliciten.

3.4 Poderanse homologar ou recoñecer os servizos prestados noutras Administracións Públicas nos supostos e condicións sinaladas na base 6 do acordo do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal, segundo a modificación de dita base aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 20/05/2026 (BOP núm. 99 do 28/05/2026).

Neste caso, o persoal que desexe facer valer para o recoñecemento de grao os servizos prestados noutras Administracións, deberá indicar na súa solicitude os períodos de prestacións de servizos, a denominación da administración pública onde se prestaron, o grupo/subgrupo de clasificación profesional, a relación xurídica e a denominación da praza co fin de que o Servizo de Recursos Humanos poida valorar o cumprimento dos requisitos establecidos na devandita base 6.

Xunto coa solicitude deberase achegar aquela documentación acreditativa dos servizos prestados noutras Administracións Públicas que non conste no expediente persoal do Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña.

3.5 Revisadas as solicitudes e a documentación presentada faranse públicas, no taboleiro de edictos e anuncios e na paxina web do Concello da Coruña [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal), as resolucións estimatorias e desestimatorias de recoñecemento de grao.

Concederase un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, para emendar o defecto que motivase a exclusión ou omisión nas devanditas resolucións.

As resolucións estimatorias de recoñecemento de grao terán efectos económicos e administrativos desde o 01/01/2026.

As solicitudes resolveranse no prazo máximo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. De non ditarse resolución expresa no devandito prazo a solicitude entenderase desestimada.

Contra a resolución definitiva do recoñecemento extraordinario do grao da carreira administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación da correspondente resolución, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da correspondente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### 4 EFECTOS ECONÓMICOS E ADMINISTRATIVOS

4.1 O aboamento deste complemento adicional ao complemento de destino correspondente ao grao ou graos recoñecidos nesta convocatoria terá efectos económicos desde o 01/01/2026 e, de conformidade coa previsión recollida na

base transitoria primeira do acordo do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, se producirá de maneira progresiva, aplicándose para o ano 2026 o 65% da contía total correspondente a cada grao.

4.2 Este complemento percibirase polo persoal que se atope en situación de servizo activo no Concello da Coruña ou servizos especiais, sempre que desempeñen algún posto de traballo ou cargo no Concello da Coruña.

O persoal funcionario que se atope de permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou en situación de incapacidade temporal poderá solicitar o recoñecemento do grao correspondente, que producirá efectos económicos a partir da finalización do permiso ou da incapacidade temporal.

4.3 Realizaranse recoñecementos na progresión da carreira administrativa soamente con efectos administrativos nos seguintes supostos:

- a) Persoal que non se atope en servizo activo desempeñando algún posto de traballo no Concello da Coruña.
- b) Persoal funcionario na situación de servizos especiais que non desempeñe cargos ou postos de traballo no Concello da Coruña
- c) Persoal funcionario en excedencia por coidado de familiares, excedencia por violencia de xénero ou por violencia terrorista
- d) Persoal funcionario en situación de servizo noutras administracións públicas

O grao do complemento de carreira recoñecido soamente con efectos administrativos producirá efectos económicos trala reincorporación do persoal á situación de servizo activo ou servizos especiais desempeñando un cargo ou posto de traballo no Concello da Coruña, para o que a persoa interesada deberá presentar a solicitude correspondente dirixida ao Servizo de Recursos Humanos.

2026/4026